



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-informatica



Grao en Enxeñaría Informática



www.usc.gal



Enxeñaría Informática

O título de Graduado/a en Enxeñaría Informática ten como obxectivo a formación científica, tecnolóxica e socioeconómica e a preparación para o exercicio profesional no desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), no ámbito da Informática.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, 15782
Santiago de Compostela
etse.secredireccion@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-informatica

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 cursos

Número de prazas: 85

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias, 27 créditos optativos e 9 créditos de prácticas externas obrigatorias nunha empresa.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

A mobilidade realízase a partir do segundo curso, en períodos cuatrimestrais ou anuais. A selección de candidatos levarase a cabo por unha comisión de selección.

O Grao inclúe 9 créditos obrigatorios por realización de prácticas externas. A Escola conta con numerosos convenios con entidades do sector empresarial e industrial, aínda que tamén se poden facer as prácticas en Departamentos e Servizos da propia Universidade.

